

R60



CONCELLO DE
CHANDREXA DE QUEIXA

Celeiro s/n 32786 CHANDREXA DE QUEIXA (OURENSE)

Registro
SALIDA
2015-553
20/10/2015



Deputación Provincial de Ourense
r/ Progreso, 32
32003 Ourense

Chandrexa de Queixa a 20 de Outubro de 2015

Dna. Laura Fernández Permy, Secretaria do Concello de Chandrexa de Queixa, Ourense,

CERTIFICO:

Que na sesión que se indica e en relación co asunto que se cita se produxo a seguinte Resolución:

16 de Outubro de 2015
PLENO ORDINARIO
CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACION DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Por parte da Sra. Secretaria - Interventora, dase conta ós membros asistentes, da Proposta da Alcaldía, que estivo a disposición de tódolos membros da corporación e da que seguidamene se transcribe literalmente o texto íntegro:

"PROPOSTA AO PLENO

Visto que o día 2 de outubro de 2015, publícase no BOP, o CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA,

Tendo en conta o recollido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Visto o informe de Secretaría-Intervención, emitido o día 2 de outubro de 2015.

Polo exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Aprobar a adhesión do Concello de Chandrexa de Queixa ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense, coas entidades locais da provincia, en materia de transparencia e acceso á información pública.
- 2º) Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense, da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, nos termos previstos no dito convenio.
- 3º) Designar como persoa responsable da execución do convenio a Maria Isabel Vasallo Gil. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde/Presidente, para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.

Chandrexa de Queixa, 7 de outubro de 2015."
(...)

Non promovéndose máis debate, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por **unanimidade** (cinco votos a favor do grupo municipal do PP e dous do grupo municipal do PSdeG-PSOE) **dos membros presentes da Corporación.**

E para que conste aos efectos oportunos, se expide a presente certificación de orde e co Visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Vie P
O Alcalde
Asdo. Francisco Rodríguez Rodríguez.